



A Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos, da que vostede forma parte, reunirse o próximo día 5 de xullo de 2019, ás 10:30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :

**Punto 1. Elección da vicepresidencia da Comisión.**

**Punto 2. Designación da Ponencia encargada da elaboración do Informe sobre o proxecto de lei do patrimonio natural de Galicia (doc. núm. 49936, 10/PL-000016).**

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 479, do 22.05.2019*

**Punto 3. Preguntas**

3.1 50764 (10/POC-007955)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Fernández Prado, Martín e 7 máis

Sobre a información que posúe o Goberno galego en relación co traballo de planificación e impulso do corredor Atlántico de mercadorías

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 486, do 12.06.2019*

3.2 51577 (10/POC-008013)

Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e Cal Ogando, Marcos

Sobre as obras iniciadas na serra do Oribio para a suposta construción dun parque eólico nos concellos de Samos e de Triacastela

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019*

3.3 51585 (10/POC-008014)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Vilán Lorenzo, Patricia e 2 máis

Sobre a posible utilización por parte do Goberno galego na actualidade de herbicidas con glifosato nas estradas do Baixo Miño, así como as súas previsións respecto do abandono do seu uso nos lugares públicos e a súa substitución por métodos alternativos non contaminantes nin perigosos para a saúde e para o ambiente

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019*

3.4 51654 (10/POC-008020)



Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre a data de remate e a solicitude da ampliación do prazo da concesión que posúe a Xunta de Galicia nos terreos de dominio público marítimo-terrestre da Xunqueira de Alba, en Pontevedra, e as súas previsións respecto do traslado das instalacións a outra localización, así como a colaboración coas demais administracións para a recuperación deses terreos para o uso público

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 493, do 26.06.2019*

#### **Punto 4. Proposición non de lei**

49764 (10/PNC-004027)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia, de En Marea, dos Socialistas de Galicia e do Bloque Nacionalista Galego

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa preocupación amosada polos traballadores do aeroporto de Santiago de Compostela respecto da segregación dos servizos de cafetería e cantina na licitación do servizo de restauración do aeroporto

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 476, do 14.05.2019*

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas á proposición non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 1 de xullo de 2019

Jaime Castiñeira Broz  
Presidente da Comisión

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 02/07/2019 10:20:45**



Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 02/07/2019 10:29:25



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL SAÍDA**  
Data asento: 02/07/2019 10:29:40  
**Nº Rexistro: 15994**  
Data envío: 02/07/2019 10:29:40.580

CSV: REXISTROW84zpZLG9  
Verificación:  
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

